

urbano _ horta _ música _ seminario _ infancia
 ironía _ hd _ vídeo _ son _ cantareiras
 reproducción _ paseo _ bares _ challenge _ skate
 instalación _ low-tech _ debate _ rúa _ performance
 DVD _ obradoiro _ sonoro _ J _ intervención
 leds _ happening _ autobús _ A _ tradición _ gravado
 galego-português _ escaparates
Outonarte2009
 sofware.art _ foto _ carballo _ lucasfernández _ martaalvim
 irmos de escaparates
 unha mostra de arte contemporánea para que saias da casa
 hardware _ adolescencia _ fanzine _ proceso _ producción
 xornais _ street art _ colaborativo _ folleto
 plantillazos _ parella _ computer _ xuvenil _ CD _ gnu/linux
 pegatinas _ botellón _ dixital _ graffiti
 vinilo _ autoaxuda _ público _ analóxico _ crise
 actuación _ banda municipal _ venda ambulante
 xardín _ mac os _ pintura mural _ tendas
 obxecto _ non privado _ cine _ ir e vir

ACTIVIDADES OUTONARTE 2009

- 30 setembro | 20'00 h. | **colada de cartaces**
Rute Rosas. Aperta-me les anartistas. 12 maneras de evitar la crisis
- 1 outubro | 19'30 h. | **Percorrido**
inauguración
Inauguración da mostra Outonarte 2009 Irmos de escaparates. Pasa-rúas da banda municipal.
- 1 outubro | 19'30 h. | **performance**
Jugo & Pellejo. Intervención # 1.2
- 1 outubro | 20'15 h. | **proxección**
DSK (Belén Montero & Juan Lestal). CINE ASCLart 1Cine ASCLart despegue, Cine ASCLart paisaxe e Cine ASCLart DSK.
- 3 outubro | 18'00 h. | **Percorrido** **performance**
Filipa Guimarães. Xardin.
- 5 - 9 outubro | 16'30 h. - 20'30 h. | **obradoiro/seminario**
Escoltar.org. Son e Poder. Tecnoloxías sonoras de control social.
- 14 outubro | 19'00 h. | **happening**
Familia de Idiotas no tiene TDT. Deconstrucción
- 16 outubro | 19'30 h. | **mesa redonda**
O botellón, Chiu Longina, Pepe López Rey, Diego Portos e Rosa Quiroga. Modera: Concelaría de Mocións.
- 18 outubro | 12'00 h. | **performance con cantareiras**
Mónica Cabo + Con Canto Donaire. Interferencias
- 20 outubro | 12'00 h. | **performance**
Filipa Guimarães. A castañeira
- 22 outubro | 20'00 h. | **an session**
Servando Barreiro. W3A live III session
- 30 outubro | 19'30 h. | **mesa redonda**
Espazo Píblico. Paz Martín, Paula Guerreiro, Juan Freire, Nilo Casares. Modera: Anxela Caramés.

les anartistas. 12 maneras de evitar la crisis
 Gemma Pardo. Finisterre.
 Familia de Idiotas no tiene TDT. Deconstrucción
 David Ferrando Giraut. Untitled + Ruin Builder
 Félix Fernández. Instalación para cama individual
 Jesús Madriñán. La audiencia
 El Alma de Casa Pervertida. Las buenas formas
 Marta Alvim. ECOS
 Carla Cruz. Blood & Oil
 Jugo & Pellejo. Intervención # 1.2
 Mónica Lavandera. Sport
 Marcos Juncal. Discotumoreiro

- CASA DA CULTURA SALVADOR DE MADARIAGA
Durán Loriga, 10
Baxo
DSK (Belén Montero & Juan Lestal). Copia_seguridad_obra infantil e Básculo de bits
Chiu Longina. Perfect-Byte
Victor E. Pérez e Daniel López Abel. Acción de baixa intensidade
Filipa Guimarães. Xardin
Primerio andar
Alro, Miss M, Niñø e Rute Rosas. Rúas.
- CGAI. CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
Durán Loriga, 10
DSK (Belén Montero & Juan Lestal). CINE ASCLart 1Cine ASCLart despegue, Cine ASCLart paisaxe e Cine ASCLart DSK.
- SALA DE EXPOSICIONES DO PAZ MUNICIPAL
Praza de María Pita, 1
Escoltar.org. Sonic weapons.
- TEATRO ROSALÍA DE CASTRO
Riego de Agua, 37
Servando Barreiro. W3A live IV session
- ESCAPARATES DA CORUÑA
Barres. Rúa Franxa esquina con rúa Baileón
Ricardo Lafuente e Luís Dowrado. Tramas
Play. Rúa Federico Tapia, 43
Servando Barreiro. Time Machine
El Puerto Centro de Ocio. Avda. do Alfonso
Pablo Pérez Sanmartín. SIT da juventude
Valben. Rúa Orzán, 11
Mónica Lavandera
- RÚAS DA CORUÑA
Saída de Rúa Mantecaria esquina con Rúa Rosas. Aperta-me les anartistas. 12 maneras de evitar la crisis
Explorada de PÁLEXICO
Mónica Cabo + Con Canto Donaire
Percorrido desde María Pita al Río Real.
Filipa Guimarães. Xardin
Rúa Real.
Filipa Guimarães. A castañeira
Rúa Durán Loriga
Carla Cruz. Homoludens
Xardín da Marina. Tania Sanjurjo. Agrícola
Barres, pub, etc.
Pablo Pérez Sanmartín
Buses Vía 71, rúa e Enrique Vista. Anxo

out

APRESENTA
OS DE ESCAPARATES

out arte

2009

DO 1 DE OUTUBRO AO 1 DE NOVEMBRO



Outonarte2009

Irmos de escaparates

Do 1 de outubro ao 1 de novembro. A Coruña

Javier Losada de Azpiazu
Alcalde da Coruña

María Xosé Bravo
Concelleira de Cultura

PRODUCCIÓN

Concellaría de Cultura. Concello da Coruña

EXPOSICIÓN

Comisario
Nilo Casares

Axudante do comisario
Anxela Caramés

Director
Jaime Oíza

Asistente de exposicións
Ana Justo

Imaxe do cartaz
Suso Montero

Gráfica
David Carballal

Montaxe
Artifacto Cultural
Spot Ibérica

Transporte
Servicio Móvil

Seguro
Hiscox /AON Gil y Carvajal

CATÁLOGO

Dirección e coordinación
Nilo Casares

Axudante do comisario
Anxela Caramés

Textos
Anxela Caramés
Nilo Casares
Tonecho Otero

Traducción ao galego
e revisión
Nuria Seoane Bouzas

Traducción ao inglés
e revisión
Michelle Jeannette García
Begoña Ferrín Santos

Fotografía
Luis Carré
María Meseguer

Vídeo
Galicieiras

Diseño e maquetación
David Carballal

Imprime
Alva Gráfica

Créditos

© dos textos, os seus autores, agás:
© Nilo Casares

© das fotografías:

Anxela Caramés (p. 56 inf.)
David Carballal (p. 96-99)
Luis Carré (p. 20, 25, 29, 32, 36-37,
40, 41 inf., 42, 46, 49, 52-53, 62,
68-69, 71, 73, 74 inf., 76-77, 86-93)
Tiago Cruz (p. 12, 14)

Clara Porta Soler (p. 72)
Galicieiras (p. 41 sup.)
Amador Iravedra (p. 24 dta.)
Enrique Lista (p. 124, 126-127)
Familia de Idiotas no tiene TDT
(p. 10-11)
María Meseguer (p. 6, 24 esq.,
33-35, 56 sup., 57-61, 66-67, 78-85,
94-95, 104-110, 114-115, 118, 120-123,
125, 130-136)

D. I.:
ISBN: 978-84-95600-72-1

CUMPRIMENTOS

A Nano 4814, a Rubén Santiago, a Berto Fojo, a WeareQQ, a Silvia Varela, a Carol Fernández, a Pancho Lapeña, a Pablo Outón, a Pilo, a Manuela Varile, a Luís Costa, a Javier Marroquí e David Arlandis, a Juan-Ramón Barbancho, a Andrés Senra, a Rute Rosas, ao Club del Chuleton, a José Manuel Sande, aos castañeiros Sergio Gallego Tesouro e Purificación Gómez Pumar, a Mónica Mura, a Suso Otero, a Amador Iravedra, a Iván Sánchez e Esteban Iglesias, a Soraya Otero, a Rafael Martínez Franco e Elena Rodríguez, a David Carballal, a Clara Porta Soler, a Yell Publicidad S.A.U, a Einsa Print International, a PALEXCO, aos veciños dos barrios de Montealto (A Coruña) e Fontiñas (Santiago de Compostela), ao Bazar de Pepe, a Daniel Llera Fernández, a Ramón Alonso, a Mercedes Pereiro, a Elena Barros, a Chus Facal, a Juan Porto, ao Puticlú, a Tiago Cruz, a Ángeles Sales, a Vari Caramés e á infinda paciencia de Ergosfera.

Agradecementos da axudante do comisario:

A Julia-Cristina, a Rute, Isaque e Fugi, a Jean, Silvie e Guido.

Cumprimentos do comisario:

Ao complexo de Édipo, á síndrome de Peter Pan, á decisión do Arquíloco, dem ewigen Frieden, ao uxorismo e mais á miña Stella de Prata.

Centros e tendas colaboradoras:



CENTRO GALEGO
DE ARTES DA IMAXE



El Alma de Casa Pervirtida.
Marta Alvim. ECOS
Carla Cruz. Blood 4 Oil
Jugo & Pellejo. Intervención
Mónica Lavandera. Sport
Marcos Juncal. Discofumei

ACTIVIDADES OUTONARTE 2009

30 setembro | 20'00 h. | ●

colada de cartaces

Rute Rosas. Aperta-me
les anartistes. 12 maneras de evitar la crisis

1 outubro | 19'30 h. | Percorrido ● ● ●

inauguración

Inauguración da mostra Outonarte 2009 Irmos de escaparates.
Pasa-rúas da banda municipal

1 outubro | 19'30 h. | ●

performance

Jugo & Pellejo. Intervención # 1.2

1 outubro | 20'15 h. | ●

proxección

DSK (Belén Montero & Juan Lesta). CINE ASCillart (Cine ASCillart
despegue, Cine ASCillart paisaxe e Cine ASCillart DSK)

3 outubro | 18'00 h. | Percorrido ●

performance

Filipa Guimarães. Xardín

5 - 9 outubro | 16'30 h. - 20'30 h. | ●

obradoiro/seminario

Escoitar.org. Son e Poder. Tecnoloxías sonoras do control social.

14 outubro | 19'00 h. | ●

happening

Familia de Idiotas no tiene TDT. Deconstrucción

16 outubro | 19'30 h. | ●

mesa redonda

O botellón. Chiu Longina, Pepe López Rey, Diego Portos
e Rosa Quirós. Modera: Concellaría de Mocidade

18 outubro | 12'00 h. | ●

performance con cantareiras

Mónica Cabo + Con Canto Donaire. Interferencias

20 outubro | 12'00 h. | ●

performance

Filipa Guimarães. A castañeira

22 outubro | 20'00 h. | ●

av session

Servando Barreiro. W34 live AV session

30 outubro | 19'30 h. | ●

mesa redonda

Espazo Público. Paz Martín, Paulo Guerreiro, Juan Freire,
Nilo Casares. Modera: Anabela Caramés

● CASA DA CULTURA SALVA

Durán Loriga, 10

Baixo

DSK (Belén Montero & Ju

infantil e Báscula de bits

Chiu Longina. Perfect-By

Victor E. Pérez e Daniel L

Filipa Guimarães. Xardín

Primeiro andar

Afro, Miss M, Niní e Ru

● CGAI. CENTRO GALEGO

Durán Loriga, 10

DSK (Belén Montero &

despegue, Cine ASCI

● SALA DE EXPOSICIÓN

Praza de María Pita

Escoitar.org. Soni

● TEATRO ROSALÍA

Riego de Agua, 7

Servando Barreiro

ESCAPARATE

Barros. Rúa

Ricardo Lah

Play. Rúa F

Servando B

El Puerto

Pablo Pé

Vaiben.

Mónica

RÚAS

Salido

Ruth

le

E

1

0

9

mporánea para

ca _ seminario

ntareiras _

kate _ instalación

_DVD _ obradoiro

happening _

portugués _

cartaz _ nacional

proceso _ producción

folleto _ plantillazos

pegatinas _

vinilo _ autoxusta

ación _ banda municipal

pintura mural _

0 _ cine _ ir e vir

.org

lcorunacultura

009

necho Otero

mércores, sábados e domingos

ros didácticos para infantil, primaria,

previa petición de hora:

@coruna.es

ncellaría de Cultura

ha

a

asares

isario: Anabela Caramés

ónica: Ana Justo

Susana Montero

Carbalal

gráfica

-3121-2009

ÍNDICE

- 20 **Amador Iravedra**
Rescate
- 24 **les anartistes**
12 maneras de evitar la crisis
- 29 **Gemma Pardo**
Finisterre
- 32 **Familia de Idiotas no tiene TDT**
Deconstrucine
- 36 **David Ferrando Giraut**
Untitled + Ruin Builder
- 40 **Félix Fernández**
Instalación para cama individual
- 42 **Jesús Madriñán**
La audiencia
- 46 **El Ama de Casa Pervertida**
Las buenas formas
- 49 **Marta Alvim**
ECOS
- 52 **Carla Cruz**
Blood 4 Oil
Homoludens/homofóbico
- 58 **Jugo & Pellejo**
Intervención # 1.2
- 62 **Mónica Lavandera**
Sport
Sin título
- 68 **Marcos Juncal**
Discofumeiro
- 70 **DSK**
(Belén Montero & Juan Lesta)
Cine ASCllart
Copia_seguridade_obraodiro_infantil
+ Báscula de bits
- 74 **Chiu Longina**
Perfect-Byte
- 76 **Victor E. Pérez e Daniel López Abel**
Acción de baixa intensidade I
- 78 **Filipa Guimarães**
Xardín
A castañeira
- 86 **Afro, eme, Nin9 e Rute Rosas**
Ruas
- 94 **Rute Rosas**
Aperta-me
- 96 **Escoitar.org**
Sonic weapons
- 104 **Servando Barreiro**
w34 live AV session
Time Machine
- 110 **Ricardo Lafuente e Luís Dourado**
Tramas
- 114 **Pablo Pérez Sanmartín**
S/T (la juventud baila)
Diary of the Death
- 120 **Mónica Cabo + Con Canto Donaire**
Interferencias
- 122 **Tania Sanjurjo**
Agricultural Network
- 124 **Enrique Lista**
Anuncio
- 130 **Mapa Outonarte2009**
- 132 **Visitas guiadas e obradoiros**
- 137 **Textos en castellano | English texts**

Outonarte 2009

Outonarte naceu no 2008 para ser espazo de encontro e creatividade, como unha festa ao redor da creación máis contemporánea, máis arriscada, máis nova e máis fresca.

Na Concellaría de Cultura, queríamoslle ofrecer un escaparate á creatividade, parecíanos que necesariamente debíamos apostar por propostas espléndidas, para lles darmos visibilidade aos creadores, e facelo cunha proposta complexa, que mestura estilos e tendencias para amosar o momento da creación na Galiza.

Máis tamén Outonarte nace para ser espazo para o diálogo entre creadores e cidadáns; un diálogo da cidade coa modernidade. O obxectivo éestreitar lazos, acortar distancias entre a vanguarda artística e o público xeral. Pensabamos que cumpría outra mirada sobre a cidade, a mirada subxectiva e atrevida dos creadores. Por iso, esta II edición levaba por título *Irmos de escaparates*.

Outonarte está pensado para quen quere ser vanguarda coa castañeira de sempre, para quen pensa que a cidade non pode perder as súas referencias, para quen pensa que a cidade debe estar feita á medida das persoas, para quen pensa que o cemento non é progreso e que as persoas son o único importante; todo iso e moito máis, así se proxectou esta II edición, proposta para ollar con ollos moi abertos. Quixemos fuxir da frialdade, buscabamos cómplices, cidadáns para reflexionar sobre o espazo público, sobre o que queremos que sexa a cidade de todos e todas.


Amosar a vitalidade artística da Galiza e do Norte de Portugal é o desafío que nos impuxemos. Vós diredes, amigos e amigas, se, aínda que de xeito modesto, o logramos.

María Xosé Bravo

Concelleira de Cultura do Concello da Coruña



Banda municipal
Pasa-rúas





«391. Tanto me ten.»
Josemaría Escrivá de Balaguer.
On the Road. Viking Press, 1957.

Recórdome aquel día facendo *slalom* pola rúa Real decidido a aprender a camiñar de xeito definitivo, xa superada a renuncia a ir a gatiñas que me puxo de pé cando neno, porque na adolescencia un apréndeo todo de novo, en especial a andar cando comprende que así é como arriba aos demais. Non é igual baixar dun cabalo que aterrar recentemente saído do túnel de lavado, iso compréndese nesa idade ingrata, mentres un se castiga a si mesmo porque non dá a talla coa cabeciña chea de ideas sen saída.

Sei polo tío Oscar que a cidade se fixo arte coa chegada dos dandis, primeiros en competir por encheren de vida o espazo público, á vez que situaban o seu mundo privado no universo da lenda, gardado baixo a chave de mil rumores moi ben fundados; don Ramón María del Valle-Inclán, candidato a deputado pola nosa provincia, foi bo exemplo diso. Si, Petronio vestía moi ben, pero nunca chegou a distinguirse dos demais no teatro urbano alzando a mirada coa indiferenza natural do belo Brummell, ou paseando un tigre pola Gran Vía madrileña, non é o mesmo. Os dandis tomaron o territorio urbano como espazo de confrontación ao que levar unha vida que resistía aletargada, ou case estaba morta. Ese levar ás rúas o intolerable para dar que falar é a primeira manifestación de conflito sobre a praza pública que me resulta interesante, talvez porque o oín de primeira man e por iso lle dou máis crédito, pois xa digo que o rumor foi a mellor forma de preservar a privacidade inventada polos dandis.

Aínda que é certo que cometeron o erro de distinguirse como individuos e iso hoxe, e moi a pesar do meu probado egoísmo ilustrado, é irreconciliable coa constante xeración de comunidades de circunstancia que ocupan tanto o espazo urbano como o seu hiperespazo, porque insistir a estas alturas en sobresaír entre os demais sen a colaboración doutros é imposible tras o xiro dixital, un de cuxos alicerces



reside en que as cousas se fan entre pares, e se es deses estás a anos luz daqueles personaxes sen igual que baixaban á rúa para alimentar o que dirán; hoxe non se sae con esas ínfulas e si a intentar subir o maior número de persoas ao teu barco, porque a batalla xa non é dun contra a sociedade da súa época, agora, porque somos moitos máis, o confrontamento é entre un nós nebuloso e un eles moito máis etéreo, de forma que a competición discorre por terreos case sempre ignotos e en moitas ocasións imprevisibles.

Unha fonte segura de conflito é o malentendido, sempre que un interpreta as cousas como deus lle dá a entender, sen informarse ben dos pormenores, cae nun erro de comprensión e ármaa, normalmente a voces. Así ocorre coa prensa, tribuna privilexiada para o balbordo, á

que segue sempre unha televisión ávida de vociferar (isto tenme un pouco desconcertado, na televisión, que traslada un dos atributos de Supermán, a visión a distancia, ao home común, deixou de primar ese ver de lonxe para falarnos a berros, sen salvar más distancia que a existente entre a túa sala de estar e a de quen berrea, situado nun finxido salonciño que pretende parecerse ao teu para amigar concien-cias). A prensa, quería decir, ao faltarlle tempo para dixerir a moita información que hoxe recibe, préstalle moi pouca atención ao que se conta, non se para en matices e vai a vulto, e nese ir por todas leva por diante o que saia ao seu paso, veña ou non a conto.

Isto escríboo por mor do ocorrido co seminario sobre armas acústicas impartido polo colectivo Escoitar.org. O seminario quería reflexionar sobre a utilización do son feito na actualidade por parte dos distintos poderes como método para a disolución de multitudes (non convén esquecer que hoxe somos multitud, e non hai mellor proba diso que intentar pillar un taxi ás catro da mañá dun sábado na parada do Obelisco. Por certo, a eses veciños tamén os ten que incomodar a presenza de tanta xente a deshoras baixo a súa fiestra; ah, non, que aí xa non vive ninguén, só almacenan arte). Dicía que se disolven as multitudes con sons de frecuencia irritante ao desprazalos do lugar onde se concentran para impedir a súa protesta pero tamén se emprega o son para a tortura directa de prisioneiros; si, aínda quedan prisioneiros e malas artes na súa contra. Supoña o lector que a súa canción favorita, non sei, *Imagine*, do plasta de John Lennon, élle administrada unha e outra vez, a volume brutal, durante as vinte e catro horas do día, estea ou non encarcerado; pode facer o experimento por si mesmo co seu reprodutor portátil de música mentres se pasea pola rúa Alcalde Francisco Vázquez, moi atento a un mar impresionante e á súa can-ción favorita en reproducción sen fin. Seguro que prefire baixar ao inferno con tal de acabar con tanta tortura acústica. O seminario quería investigar este tipo de usos do son e experimentalo nas rúas da nosa cidade pero a prensa liouno todo, e como a xente cre cos ollos pechados o que le nos xornais, e máis se logo o avala a televisión a berros, pois xa non se pudo seguir co experimento, aínda que se ini-

ciou outro de xeito indirecto: confirmar que a xente crese o que sae nos papeis.

Dato referendado cos anuncios por palabras inseridos por Enrique Lista na prensa local que pedían a colaboración dun licenciado en Belas Artes para recompor a estatuaria pública da nosa cidade. Ante estes anuncios, que foran publicados con anterioridade noutra cidade galega sen a menor repercusión, na Coruña deuse o caso de chamar ao Concello para interesarse por tal oportunidade de emprego. Non foron moitas as chamadas mais si suficientes para irritar os sindicatos, non sei a cal deles, e presentar unha protesta por tomar a broma a difícil situación de desemprego en que nos encontramos. Como ben di a miña axudante, Anxela Caramés, cando un sindicato se preocupou pola situación de precariedade en que se encontra a xente da arte?, só ese día estaba esperto un dos seus enlaces para pulsar a alarma e imprecpar a organización porque se vacilaba a xente nun momento de graves dificultades económicas. Saltara unha peza máis do xogo, como xa ocorrera co seminario de Escoitar.org, porque a arte empezaba a servir para deixar claras as regras a que estaba sometida a cidade en cada un dos seus espazos públicos.

Sucedeu outra vez, dun modo más amable, cando a artista Filipa Guimarães se puxo a plantar flores no traxecto que une a praza de María Pita e a rúa Durán Loriga. Nese tramo, a tipoloxía que un encontra é variada e a reacción dos viandantes moi distinta en cada unha das súas partes, sen faltar a señora que protesta cargada de razón porque se ensucia a rúa, e iso a pesar de que as flores lle gustaban, como ela mesma recoñeceu, pero claro, as beirarrúas non son lugares para plantalas e non se debe manchar o que é de todos, certo. Cando a arte sae á rúa dar unha volta, sempre pasan cousas deste tipo, un tropeza co vandalismo, ben da arte contra o estado previo de cousas ou ben das xentes contra a arte porque invade o seu espazo natural.

A rúa ten regras que só se descobren co pateo diario, e con estes experimentos de sacar as cousas de quicio un comprende moitas desas normas ocultas. Por exemplo, con esta mostra púidose descubrir o comportamento gregario dos patinadores (seguro prefieren ser cha-

mados skaters). Unha das cousas que máis me fascinan das cidades actuais é a capacidade de adaptación da cidadanía ás contornas duras. Criado entre xardíns, parques, praias e soportais, resultame sorprendente ver como, por economizar, as autoridades constrúen prazas duras en que só caben o formigón e unha meteoroloxía inclemente, lugares más ben inhóspitos; fronte a isto, a poboación reacciona con respuestas como o monopatín de malabares ou a bici de birlibirloque (algo asombroso para mí, que non teño sentido do equilibrio nin distingo dereita de esquerda) até os converter nun modo de estar no mundo que se pode trasladar á sala de exposicións, como houbo oportunidade de facer nesta ocasión en que se introduciu, xunto a unha pista de patinaxe de Jugo & Pellejo toda a etoloxía que ela comporta, momento en que se nos veu encima o comportamento gregario que acompaña a estas formas de se apropiar das rúas. O mesmo proceder que asomou ao intervir o primeiro andar da Casa da Cultura Salvador de Madariaga, cando a repartición de papeis entre os intervenientes (Afro, eme, Ning e Rute Rosas) deixaba latente o conflito polos territorios particulares de representación, que só pode ser compartido de xeito moi negociado.

Aínda que o más revelador desta experiencia de arte invasiva foi a realización, con cargo á mostra Outonarte 2009, de dúas series de carteis, un por Rute Rosas e outro polo grupo les anartistes, que non puideron ser pegados nas rúas porque a propia normativa municipal, o contratante neste caso, impídeo, de maneira que os contratados (ningún deles membro dos Irmáns Marx), tivérонse que conformar con ver como o mesmo Concello habilitaba un fragmento de muro (na esquina das rúas Mantelería e Santo Andrés) para realizar a pegada inicial e así documentar o que non se pudo levar a cabo. Vendo esta pantomima un non podía deixar de pensar que por sorte a arte segue sendo mentira e a verdade permanece en mans deses poderes dos que poucas veces te libras e cando o fas é sempre a gargalladas; fóra deses momentos só hai normas e regras, leis e regulamentos, e para escaparles corres á casa, onde a cama está lista e os teus mellores recunchos cheos do que se deixou atrás.

Irmos de escaparates quixo ser reflexo dunha parte da produción artística galega que permitise examinar a cidade de hoxe canto a lugar de conflito, recreo e repouso. Porque a cidade é todas esas cousas e, sobre todo, territorio en conflito, como quedou ben patente neste paseo polos nosos escaparates.

Nilo Casares

Outonarte 2009
Catálogo



A luz, entendida como un elemento que resalta da escuridade, constitúe o fio condutor das historias narradas por Amador Iravedra. O vídeo –editado por Son do Tagalem, con música orixinal de Big Chinasky Feat e Dj Xan– foi realizado a partir de varios diaporamas dixitais conformados por catro series fotográficas.

Son relatos urbanos sobre a confusión, o medo ao descoñecido, a soildade e a angustia de verse atrapado sen saída; sensacións e experiencias vivenciadas por personaxes reais e ficticias que desaparecen na sobreexposición final que marca o tránsito dunha historia a outra. Nunha habitación un playmobil quedouse fóra do seu sitio, perdido nun mundo alleo, até que un neno o devolve á caixa dos xoguetes; nun

after a luz do día marca o remate da festa, acabando co caos e a insustancialidade nocturnas; dun aparcadoiro subterráneo, ese lugar onde podería acontecer calquera cousa, un home sae á rúa, recuperando tanto a noción espacio-temporal como a sensación de seguridade; e, finalmente, o túnel, entendido como símbolo da morte e da renovación do ser.

Nestes fragmentos de vida, que parecen querer falarnos das diferentes idades polas que pasamos desde que somos nenos até que chegamos a ser anciáns, busca transmitirnos a metáfora da salvación, case divina sen preten-delo; un camiñar cara á luz no cal o protagonista se evade da súa realidade para acadar, por fin, á tranquilidade.



00' 11"



00' 16"



00' 23"



00' 29"



00' 35"



00' 40"



00' 47"




00' 53"



00' 59"



01' 05"



01' 11"




01' 20"



01' 25"



01' 31"



01' 37"



01' 43"




01' 49"




01' 55"




02' 01"



02' 07"



02' 13"




02' 19"




02' 25"



02' 32"



02' 40"



02' 45"



02' 51"



02' 57"



03' 03"




03' 10"

Amador Iravedra

Rescate



03' 15"



03' 21"



03' 27"



03' 33"



03' 39"



03' 45"



03' 54"



03' 59"




04' 05"




04' 11"



04' 17"



04' 23"



04' 29"



04' 35"



04' 40"



En tempos de crise económica global les anarhistas propoñen un manual de instruccións, con estética de guerrilla urbana, para a supervivencia das relacións de parella, non obstante as suxerencias poderían ser aplicadas a calquera tipo de convivencia doméstica. A ironía do activismo político-afectivo do cartaz amosa os intereses do colectivo, anónimo e composto por un número variábel de integrantes, que toma o seu nome das ideas libertarias e das novas subxectividades xurdidas a finais da convulsa época dos sesenta. Son herdeiros das reflexións en torno á relación entre propiedade privada e identidade, levadas a cabo por Gordon Matta-Clark e o grupo Anarchitecture, que a través de diversas intervencións en edificios ruinosos de Nova York, que buscaban


cuestionar os modos de vida convencionais. Inspíranse tamén na idea de non-amor, un neoloxismo inventado por Serge Gainsbourg para falar, mais que do desamor, da negación do amor na canción *L'anamour*, interpretada xunto a Françoise Hardy e publicada no álbum *Comment te dire adieu* no 68.

Con todo, a primeira en usar o seu nome foi Hélène Parmelin –que exercía a crítica de arte en *L'Humanité*, un xornal vencellado ao partido comunista francés– en *L'Art et les anartistes*, publicado un ano despois en París e traducido ao inglés como *Art anti-art: anartism explored*, un título que ofrece máis pistas sobre a actitude revolucionaria destes artistas anti-sistema, xa sexa económico, político, social, cultural ou sentimental.

les anartistes

12 maneras de evitar la crisis

Collede un, é de balde



12

maneras
de
evitar
la

crisis

si ya has entrado en  y el Gobierno te ha ofrecido un puesto para la mitad sueldo, no mediescates, has conseguido un trabajo. Puedes seguir buscando otra oficina para renunciar, y si son aplicados los mismos recursos no necesitas desesperarte.

- 1  **reclamaciones básicas:** reclama todo con lo que te sientas molesto.
- 2  **lasciones de cosas difíciles dentro de la vivienda:**
- 3  **despidos: juzgamiento de limpieza (un alquiler de dos meses dos días a la semana)**
- 4  **despidos: gente normal o cualificada**

1



hygiene



cocina



y a a a a
limpieza



limpieza y limpieza

2



aceite



sabana



cepillo



escoba

3



Lavavajillas transparente



Lavavajillas no transparente



Lavaventanas
vidrio



Lavaventanas
general

4

etapa de utilización de los productos



etapa de utilización



etapa de secado



1




2




3


5



6




7



otra forma de colgar ropa es proponer a ambos los sienas.

8



9

principio básico: nadie resiste un beso



10

principio básico: orden y aseo



el **littering** es incorrecto

11

principio básico: orden y sosiego

zonas comunes, 2
el comedor



prohibido hablar de la crisis

12


desarrollando orden y sosiego

zonas comunes, 3
el dormitorio



respetar el orden del orden





A vídeo-instalación *Finisterre* foi encargada para dialogar coas obras da exposición de Turner realizada no Nottingham Castle. Gemma Pardo trasladou á linguaxe audiovisual o concepto romántico de natureza salvaxe e sublime a través das imaxes das ondas batendo contra as rochas, que foron rodadas en Dorset e Southampton, precisamente as mesmas localizacions que Turner utilizou para algunas das súas pinturas. Mais aquí a realidade aparece alterada porque trata de recrear o lugar onde se pensaba que remataba o mundo en varios países atlánticos: Land's End en Cornwall, Finistère en Bretaña ou Fisterra en Galicia; de aí o seu parecido coa costa galega. Ademais, o que a priori podería parecer un plano fixo do

mar en movemento convértese nunha ficción do ritmo das mareas, que soben e baixan aleatoriamente. Polo tanto modifica a percepción do espectador xogando con diferentes cortes temporais e espaciais que, porén, se unifican tanto polo son constante das salpicaduras e dos remuíños de auga, como pola similitude física das tres paraxes británicas que se corresponden con cada posición da cámara: por riba, ao mesmo nivel e por debaixo do mar.

Deste xeito, ceo, mar e terra unéñse nunha metáfora da continuidade infinita do ciclo da vida, que non se detén xamais, mostrando, así, a erosión na costa provocada tanto polo paso do tempo coma polas persoas, para nos facer reflexionar sobre a nosa relación coa natureza.



00' 20"



01' 40"



02' 20"



03' 00"



03' 40"



04' 20"



05' 00"



05' 40"



06' 20"



07' 00"



07' 40"



08' 20"



09' 00"



09' 40"



10' 20"

Gemma Pardo

Finisterre



Commissioned by Film and Video Umbrella
and Nottingham Castle.
Supported by Arts Council England.



11' 00"



11' 40"




12' 20"




13' 00"



13' 40"



14' 20"



15' 00"



15' 40"



17' 00"



17' 40"



18' 20"



19' 00"




19' 40"



21' 00"



22' 20"



FDI (Familia de idiotas no tiene TDT) é un colectivo integrado por Ángel Rueda, Ana Domínguez e Miguel Mariño que trata de encontrar unha nova linguaxe cinematográfica reflexionando sobre a confrontación que existe entre os soportes dixitais e analóxicos. Intentan conciliar ambos os formatos empregándoos conxuntamente nas súas accións audiovisuais performativas.

Deconstrucine foi un happening interactivo –con música de Labrador– no que buscaban deconstruir o cine alterando a esencia de todos os seus elementos. O público volvíase activo, deixaba de ser espectador para devir nun elemento máis da película; passaba a ser observado, transformábase en actor, en película e até en pantalla. Os seus corpos –ataviados con pon-

chos brancos– convertéronse no soporte sobre o que se proxectaban as imaxes de super 8. Estas eran películas creadas con metraxe encontrada (Found Footage) na liña de reciclaxe e recuperación de cine doméstico que levaban a cabo en Lili Films. Á súa vez, estas imaxes eran capturadas en vídeo en tempo real e proxectadas dixitalmente sobre a pantalla, co cal xeraban unha nova película que se transformaba en vivo pola acción dos propios espectadores.

Por outro lado, incluso o espectador que se mantiña no exterior non era alleo a esta experiencia, xa que a proxección era visible por ambas as caras das pantallas elípticas. Polo tanto a película sucedía en tempo real dentro e fóra da pantalla, a cal deixaba de ser plana para ser habitada polo espectador.

Familia de Idiotas no tiene TDT

Deconstrucine





Familia de Idiotas no tiene TDT
Deconstrucine






A nostalxia por un pasado idealizado, que é recuperado para comprender o tempo presente, caracteriza a obra de David Ferrando Giraut. Interésalle recrear momentos que xa remataron e dos que agora tan só queda unha pegada, un vestixio no sentido romántico, pero partindo de referentes da cultura de masas, que son os que conforman as nosas lembranzas e a nosa percepción da realidade, xa sexan do ámbito musical, sobre todo dos setenta e dos oitenta, ou do mundo do cine como David Lynch e a ciencia ficción de serie B.

Esta instalación xira en torno á melancolía das ruínas, imaxe que teñen en común as doce portadas de vinilos que a compoñen. Encontrados en diferentes feiras londinenses, a maior parte son discos de rock progresivo, como

Rusch; de rock new wave, coma Talking Heads; ou de reggae, coma Steel Pulse; e transmiten a idea da decadencia dunha sociedade que, non obstante, áinda ten a oportunidade de pasar a unha nova fase.

Debaixo dos elepéns, enmarcados en caixas, colocáronse un par de tocadiscos portátiles, tamén da mesma época, nos que se podía escutar unha peza sonora composta polo artista, que empregou unha tecnoloxía aparentemente obsoleta para gravar e reproducir unha composición realizada no momento actual. Nesta, continúa a liña dos seus últimos traballos, nos que incorpora a súa presenza física, con toda a carga persoal e subxectiva que implica, para tratar de recuperar o componente humano, que neste caso vén dado pelo uso da súa propia voz.






David Ferrando Giraut

Ruin Builder







Félix Fernández habitualmente utiliza a súa propia imaxe, incluso de xeito narcisista, para afondar, a través da performance, no seu propio eu, no máis oculto e difícilmente recoñecible; e así poder mostrárnolo mediante vídeo ou fotografías, sempre con moita curiosidade por saber que é o que opinan os demais.

Porén, nesta instalación, na que nos presenta un dormitorio ambientado nunha atmosfera onírica, ensínanos o que poderíamos considerar o escenario imaxinario no que habita o seu ser interior; esa habitación mental desde a que xorden as súas angustias e na que non conseguem descansar todos esos desdobramientos do artista.

De feito, o ambiente nocturno que recrea é claustrofóbico debido aos valos de obra que rodean a cama e á luz xiratoria de policía que, xunto ao inquietante son composto por el mesmo, parecen querer trasladarnos a un pesadelo no que frotamos, nadamos ou nos somerxemos con tan só mirar o espazo infinito e abstracto do mural que pintou con xiz.

Polo tanto, nesta obra non só consegue transmitir un estado de ánimo subxectivo, senón que logra provocar un estado emocional que remata invadindo ao espectador, quéirao ou non.





Estas tres fotografías forman parte da serie *La audiencia*, na que Jesús Madriñán critica con sarcasmo o papel da televisión e das revistas á hora de moldear estereotipos femininos, banais e submisos. Mostra mulleres fermosas que gozan dun nivel adquisitivo alto mais, con todo, se encontran insatisfeitas e alienadas pola sociedade de consumo.

Silvia parece unha ama de casa aburrida e amargada; verte o leite ao quedar absorta mirando unha telenovela na cociña, ou coa mirada perdida, pásalle o ferro ao seu pelo nun cuarto onde os obxectos comezan a se amontoar sen ningún sentido. *Tamara* é o retrato dunha adicta ás compras que levita sobre a multitud de bolsas de roupa de marca que esparexeu polo salón mentres ve a canle de Teletenda.

Os seus rostros denotan tristeza e reflicten unha actitude ausente que vén dada porque as modelos foron convertidas en manequíns, tentando reproducir unha humanidade artificial. Os espazos que habitan tamén transmiten frialdade debido á luz azulada e á decoración de deseño, metalizada e aséptica, que o artista escolexe para compor as escenografías, sempre inquietantes e desoladoras, a pesar do luxo ou da comodidade dos fogares.

Ambas as mulleres poderían ser unha versión actualizada da personaxe que encarna Julianne Moore na película *Safe* de Todd Haynes, xa que dependen dunhas normas estéticas e sociais que as aprisionan nuns corpos e nunhas dinámicas de vida que lles provocan infelicidade.





Jesús Madriñán
La audiencia





El ama de casa pervertida xorde da unión de Cris Carvalho e Pablo Huertas, que comparten o mesmo gusto pola recuperación das imaxeinerías populares do pasado, independentemente de se a icona é relixiosa, musical, comercial ou infantil –coma as bonecas– para se poder reapropiar destas en forma irónica a través tanto da distorsión como da asimilación a outros significados, os cales se presentan críticos con respecto ao sentido primixenio.

Para *Las buenas formas*, serie de dez gravados láser, utilizaron debuxos de misais xuvenís dos anos cincuenta e sesenta para xerar complexas composicións simétricas similares ás do coñecido test proxectivo de psicodiagnóstico proposto por Rorschach, que consta do mesmo núme-

ro de láminas. Porén, se ben as manchas, aparentemente aleatorias, desestruturadas e ambiguas deste se utilizan para avaliar perfís psicolóxicos individuais, nas súas recreacións de cristos, santos, anxos e nenos devotos en posición orante, intercalados con cruces e cálices, subxace o inconsciente colectivo tinguido da moral inculcada pola educación cristiá.

Desta maneira, os conceptos de alma e psique vinculados etimolóxicamente, ao ser a segunda a personificación da primeira na mitoloxía grega, volven a se reunir, mais dun xeito certamente desviado da súa espiritualidade orixinal ou, en todo caso, máis ben coma un psicopompo que conduce cara a un lugar contraposito ao ceo.

El Ama de Casa Pervertida

Las buenas formas







Marta Alvim busca reflectir a sutil relación que se dá entre a presenza humana e a natureza nos contornos urbanos. Coa súa cámara captura os elementos vexetais que aparecen espontaneamente nos espazos creados polas persoas, como neste caso os edificios, o que dá lugar a unhas fotografías na que estes brotes naturais se dilúen; tan só son perceptibles polas sombras e os reflexos xerados polas plantas nas paredes da súa casa, coma nun eco platónico da idea da natureza.

Forman parte dos seus últimos traballos, nos que a artista portuguesa reflexiona sobre a existencia, nos que se cuestiona a futilidade da vida

de forma poética e subxectiva, mesturando os recordos difusos da memoria coa percepción da realidade.

Nestas sete imaxes os ecos de vida van desaparecendo de forma gradual debido a que xoga coa sobreexposición lumínica até chegar a conseguir espazos interiores de calma, un remanso de paz que serve para desconectar do ritmo frenético das cidades.



Marta Alvim
ECOS






Blood 4 Oil é un mural composto por diferentes debuxos en papel, que foron realizados por Carla Cruz en tinta negra e vermella para representar as cruentas guerras provocadas polo control do petróleo. Para os deseños inspirouse en imaxes fácilmente recoñecibles, popularizadas a través dos medios de comunicación: transportes que necesitan gasolina para funcionaren,

como coches, barcos e avións; plataformas petrolíferas e o símbolo do dólar xunto a Saddam Hussein, un dos coñecidos protagonistas das historias que aquí se presentan; ou tamén tanques, armas, burkas e minaretes ao lado de multinacionais estadounidenses como Ford, Texaco, Coca-Cola ou Black & Decker. Nalgúns casos, reaprópiase do logotipo para

Carla Cruz
Blood 4 Oil



incorporar de forma irónica un novo matiz e, deste xeito, resignificalo, como sucede con Mattel, que pasa a ser "Matta", mentres que noutrous incorpora comentarios críticos en relación ás complexas dinámicas de explotación do petróleo.

Dado que estes símbolos forman parte do noso imaxinario colectivo, sérvelle para elabo-

rar, sintética e visualmente, un mapeado da problemática internacional, onde esta materia prima se converteu en vital para as economías mundiais, provocando situacions imperialistas de dominación política que rematan en terribles conflitos armados, tal e como sucedeu en Iraq.



Carla Cruz
Blood 4 Oil

hafta





Carla Cruz
Homoludens/homofóbico





Homoludens/homofóbico é un panel luminoso que recorda aos utilizados nas festividades locais, polo que está pensado para ser instalado a unha certa altura entre dous edificios, áinda que no Outonarte 2009 finalmente tivo que ser colocado na fachada da Casa de Cultura Salvador de Madariaga.

Para esta intervención artística, Carla Cruz inspirase nun dos cinco días do Entroido celebrado en Torres Vedras (Portugal), no cal é tradicional que os homes se vistan de mulleres, da mesma maneira que ocorre no Xoves de Comadres de Verín; un día só para elas onde os homes, disfrazados deste xeito, tan só poden facer acto de presenza xa avanzada a noite. Porén, este travestismo non ten nada de sub-

versivo, ao contrario, serve para reforzar a masculinidade, xa que é habitual que para esa ocasión deixen medrar a peluxe facial ou que amoisen con orgullo o pelo do peito e das pernas, para que así non se poida dar a máis mínima confusión sobre a súa identidade de xénero.



É por iso polo que a artista xoga coas raíces latinas das palabras que se poderían usar para definir en azul a unha persoa que se divierte e en vermello a unha que se enfada ou que odia. Este contraste é representado a través dun tránsito de home a muller, e viceversa, que interpeла o paseante a que se pare a reflexionar, cando menos por un instante, coma se fose unha mensaxe subliminal, sobre o sentido deste uso simbólico de palabras, imaxes e cores.



Jugo & Pellejo
Intervención # 1.2

 www.vimeo.com/7648579





Jugo & Pellejo reivindican a natureza desestabilizada da arte de acción. Na liña dos sinxelos *backyard skateparks* dos oitenta, para a *Intervención #1.2* transforman o espazo expositivo nun circuíto para patinar con monopatín.

Dado que a participación era aberta, o resultado final da performance-instalación difficilmente se podía controlar, xa non dependía dos

artistas —que estiveron na inauguración e nos catro domingos de Outonarte— senón de quen a usase en cada momento. Os cambios provocados polos skaters na disposición das ramplas, construídas por eles mesmos, e do mobiliario urbano (banco, sinais e valos), xunto coas marcas no chan e nas paredes, conformaban as pegadas do que alí estaba a acontecer.



Jugo & Pellejo
Intervención # 1.2





Mónica Lavandera estudiou Belas Artes antes de se dedicar ao mundo da moda. Esta formación artística explica por que o vídeo promocional da colección primavera-verán 2009 se atopa máis próximo á linguaxe da videocreación que á publicitaria, a pesar de que o obxectivo é evidentemente comercial.

En *Sport*, transmite o concepto dos seus deseños de forma estetizada á vez que performática. Os modelos son transformados en actores que simulan seren as figuras dun xogo de tiro ao branco, no que van resultando eliminados ao ritmo da música e dos disparos. O son e a interpretación logran xerar un clímax de tensión dramática que consegue atrapar a atención do espectador e logra que permaneza expectante até o final, desexoso de ver algún tipo de desen-

lace que, porén, nunca se chega a producir como tal, xa que as imaxes, se non fora polos títulos de crédito, poderían verse nun bucle infinito.

Mentres agardamos a ver o que sucede, imos vendo diferentes prendas de moda masculina e feminina caracterizadas polas liñas rectas e os volumes amplos, con propostas similares para ambos os sexos e patróns que recordan a uniformes deportivos. Nas súas creacións quere revolucionar a forma de vestir, polo que deseña desde o presente, momento no que a roupa práctica se impón para así poder proxectar cara ao futuro en vez de volver a unha época pasada para se inspirar, tal e como adoita ser habitual na moda actual.



00' 04''



00' 13''



00' 14''



00' 16''



00' 18''



00' 23''



00' 31''



00' 32''



00' 35''



00' 37''



00' 41"



00' 48"



00' 51"



00' 53"



00' 57"



01' 00"



01' 07"



01' 10"



01' 12"



01' 17"

Mónica Lavandera

Sport



01' 22"



01' 27"



01' 29"



01' 32"



01' 33"



01' 34"



01' 35"



01' 37"



01' 39"



01' 40"



Mónica Lavandera
Sin título





A tenda de roupa e complementos *Vaiben* habitualmente traballa con Mónica Lavandera. Para esta ocasión, Chus Facal contribuíu a *Irmos de escaparates* compoñendo de forma especial tanto o escaparate coma as paredes interiores da tenda. Mostrábanse varias prendas da colección outono-inverno 2009 para muller, na que a deseñadora mantén o seu estilo de corte militar, austero á vez que sofisticado. Deste modo, conseguiu ambientar por completo a tenda, cando menos durante as dúas primeiras semanas, xa que, debido ao eco de Outonarte, a demanda medrou tanto que en pouco tempo esgotáronse a maior parte das prendas postas á venda.





Marcos Juncal incorpora a crítica social aos seus últimos traballos escultóricos, nos que, con humor e ironía, cuestiona a moral colectiva a través da manipulación de coñecidos referentes visuais. Para falar dos asuntos que lle preocapan, mestura cuestións relativas á vida e á morte, ao amor e ao odio, como por exemplo nalgúnha peza na que alude á violencia de xénero, ou fusiona o humano e o divino, tal como acontece en *Discofumeiro*.

Nesta escultura, colgada do teito, une o sagrado e o festivo a través da fusión do botafumeiro, empregado para a misa dos peregrinos

católicos, e a bóla de espellos das discotecas; dous obxectos que dominan desde a altura en cada un destes rituais de masas.

Traza un curioso paralelismo entre as igrexas e as salas de baile, entendéndoas, talvez, coma templos da espiritualidade e do ocio, respectivamente. Parece querernos dicir que a relixión actual está máis próxima á música que ao misticismo, posto que para os más novos o culto é profesado aos grupos musicais, aos que chegan a converter nos seus deuses particulares, o cal propicia mitomanías e favorece a proliferación de tribos urbanas.





DSK presentan unha nova instalación *Codeco* formada por unha maraña de visores de diapositivas, que están colgados de cables suspendidos no teito, xunto á ampliación dunha das imaxes que se podían ver neles. Son fotografías da película *Cine_ASCIIart (Despegue, Paisaxe, DSK)*, realizada en 2003 en formato

35mm e exhibida en outubro dentro da programación do CGAI. A película inclúe tres curtas de animación realizadas en caracteres ASCII. Na arte ASCII as imaxes tradúicense a liñas compostas por letras e signos de puntuación do alfabeto inglés, e números (do 0 ao 9) para recrear de xeito puntillista a imaxe orixinal.





*Nenos participantes
no obradoiro:*

María Fernández Quiñones
Uxía Llamosa Fernández
Hugo Gómez Chao Porta
Marta Rivera Varela
Rubén Cancelo Castro
Darío Cancelo Castro

DSK (Belén Montero & Juan Lesta)

Copia_seguridade_obraodiro_infantil e Báscula de bits




Copia_de_seguridad_Obradoiro_infantil + Báscola de bits é unha instalación de DSK realizada a partir das creacións de cinco nenos, de entre 9 e 14 anos, que asistiron ao obradoiro impartido por Belén Montero e Juan Lesta na Biblioteca de Los Rosales.

Dado que forma parte do proxecto *Codeco*, no que con humor queren superar a era da dixitalización, para recodificar a información nun novo proceso que denominan analoxización, os debuxos foron transformados en datos binarios, é dicir, ceros e uns, mediante o Bin2PDF, un programa desenvolvido polos artistas para converter os arquivos dixitais a este código, xerando un pdf paxinado e imprimible. Editáronse como libros, os cales, almacenados nun estante, estaban encadernados na mesma

cor na que fora enmarcado o debuxo para poder facilitar o seu recoñecemento. Desta maneira, os arquivos orixinais podían ser pesados fisicamente nunha báscula modificada para calcular bits, e así para comprobar se estes (unha historia de fútbol, outra sobre un día de acampada, unha flor, Beethoven, un *graffiti* do seu nome e unhas viñetas de cómic sobre a edificación perfecta) eran moi pesados ou non, o que é o mesmo, a cantidade de información que contiñan.

Fronte ás bibliotecas dixitais, conformadas polas copias de seguridade do ordenador, sostéñen que o tradicional papel é a forma máis segura de almacenar datos, posto que, á inversa, o código binario impreso poderá ser usado para reconstruír o arquivo orixinal.



Chiu Longina
Perfect-Byte



Perfect-Byte é un xogo de palabras que xurdíu a partir de *Perfect-Pitch*, que significa oído absoluto; quen posúe esta aptitude innata é quen de distinguir calquera tonalidade. Chiu Longina establece un paralelismo entre a importancia que ten esta habilidade humana para a música clásica fronte ao excesivo valor que se lle outorga á linguaaxe de programación na música electrónica. Emprega este concepto para criticar o audiovirtuosismo da escena musical actual, ao considerar que cos seus tecnicismos caeu no mesmo camiño sen saída da música culta da primeira metade do século XX, cuxas radicais propostas, áinda que cruciais, se esgotaron en si mesmas debido a que a complexidade e o férreo control das composicións acabaron matando a espontaneidade na creación.

A partir destas reflexións desenvolveu unha serie de traballos de carácter irónico sobre a perfección dixital e musical. Nestas tres fotografías en negro e branco, as cruces das lápidas dun cemiterio foron intervidas dixitalmente para incorporar os nomes de diferentes aplicacións informáticas. Deste modo pretende celebrar a morte dos ambientes de programación más difundidos no mundo da arte sonora dixital, como MAX/MSP, Isadora, Reaktor, Processing ou Pure Data, entre outros, cuestionando a sobrevaloración de certos artistas que dominan a escritura de código, mais carecen dunha postura crítica en relación ás problemáticas sociais e políticas.



Víctor E. Pérez e Daniel López Abel habitualmente traballan a partir da noción de cultura de baixa intensidade. Esta alude a determinadas estratexias artísticas que, de xeito sutil pero non continuado, provocan leves alteracións na cotidianeidade; serían como resistencias culturais que, ánda participando das dinámicas institucionais, evitan ser lexitimadas.

Para esta acción de baixa intensidade, recompilaron guías de teléfonos, coma as usadas pola veciñanza dos barrios de Monte Alto (A Coruña) e Fontiñas (Santiago de Compostela), obtidas indo casa por casa, nunha actitude case performativa, ou as defectuosas e procedentes de diferentes países, doadas polas empresas que as fabrican e distribúen. As follas foron separadas e apiladas, para formar unha escultu-

ra composta por varios bloques de papel, debido a que lles interesaba mostrar a acumulación de datos xerados pola inabarcable tarefa de tratar de catalogar os cidadáns.

As guías telefónicas serven para exemplificar as interaccións que se dan entre o público e o privado, posto que estes arquivos, paradoxicamente, poden ser usados por calquera, tanto en domicilios particulares coma en locais comerciais e locutorios. Os prefixos, os números, os nomes e os enderezos funcionan como organizadores da poboación. Porén, a rede telefónica é global e trascende esas fronteiras, sobre todo na actual sociedade dixital, na que a deslocalización provocada pola internet e os móveis xeraron novos modos de se relacionar.





Xardín é unha revisión de *Jardim*, unha performance de Filipa Guimarães realizada para concienciar sobre o abandono da zona da Baixa portuense. Simulaba que plantaba flores, botando un pouco de terra e auga, á vez que repartía un panfleto no que chamaba a atención sobre a carencia de espazos verdes na cidade.

Na Coruña, coa axuda dos xardineiros que transportaban pensamentos amarelos nunha carreta, seguiu un itinerario concreto, fixado nun plano que lles ía repartindo aos transeúntes, cos que compartía impresións e opinións. Percorreu desde a praza de María Pita até a rúa Durán Loriga, para rematar na sala de exposicións onde, ao día seguinte, ía realizar a insta-

lación, entendida como pegada ou rexistro, do mesmo xeito que fixera no espazo do Plano B de Porto. No chan, con xiz branco e pasteis en varios tonos de grises, que aluden ao exceso de cemento nas cidades, reproduciu fielmente o mapa e recolocou novas flores, coma un elemento que achega luz e vida, nos lugares onde previamente foran despositadas no exterior.

Polo tanto, os pensamentos –que foron regados regularmente até que morreron días antes de que finalizase o Otonarte– achegaban a nota de cor, da mesma maneira que a regadeira rosa. Ademais, acompañando a estes restos da performance, mostrouse un vídeo, editado por ela mesma, no que se podían ver fragmentos da súa intervención urbana.





Filipa Guimarães
Xardín





Filipa Guimaraes consegue que a pintura dialogue coa performance nos seus proxectos artísticos, desenvolvidos no espazo público e caracterizados polo uso da imaxinación, que é entendida coma unha potente arma para propiciar o cambio social. Gústalle xerar personaxes para que interactúen coa xente, provocar un sorriso cómplice, surprendendo ou incluso enfadando ás persoas ás que interpela porque para ela a arte é a creación dunha ilusión, na que se introduce de tal maneira que chega a convertela en auténtica.

Na Coruña, transformouse nunha castañeira da rúa Real, vestida co mandilón azul e tomando prestado o carriño que habitualmente se coloca detrás da Subdelegación do Goberno. Pero en lugar de vender castañas asadas, offre-

cía cornetes con castañas pintadas en papel, que como sinalaba o posto, intervido pola artista, custaban cero euros, no que supuña un intento de facernos esquecer, polo menos durante un intre, o valor de cambio do diñeiro e, deste modo, trasladarnos a unha sociedade más libre, más amable e más creativa.

A idea supón unha adaptación outonal da performance *Galería ambulante*, realizada na rúa Miguel Bombarda de Porto, na que, aproveitando o día da inauguración simultanea de todas as galerías, desprazaba un carro de xeados mentres repartía polos e cornetes, tamén simulados en papel, coa intención de reclamar unha arte máis independente e afastada dos espazos comerciais.

castañas asadas

0€.





Filipa Guimarães

A castañeira





Afro



eme



Nin9



Rute Rosas

Ruas é unha intervención coral de *street art* na que se trataba de recrear a rúa dentro do espazo expositivo. Para iso incorporaron tanto mobiliario urbano –bancos, sinais e colectores– como carteis publicitarios arrincados dos paneis, para ser intervido de maneira conxunta polos catro artistas. Do mesmo xeito, invadiron paredes, columnas, chan, teito e ascensor con mensaxes críticas sobre os excesos e abusos da sociedade de consumo, os cales, porén, estaban transmitidos de forma esperanzadora, buscando o sorriso cómplice do espectador a través da ironía e das cores vivas.

Ademais da cartelaría, entendida a modo de collage e que funcionaba como elemento unificador das súas composicións murais, empre-

garon as principais técnicas da arte urbana –estarcidos (*stencils*) e impresións dixitais en adhesivos (*stickers*)– pero fuxindo dos estereotipos do *graffiti* próximo ao *hip hop*. Así, as caras de Afro, aínda estando vinculado a este contexto musical, ofrecen unha visión radicalmente diferente nos diversos soportes e materiais que utiliza, como papel, fieltro ou incluso obxectos reciclados. Ou as complexas recreacións de Nin9, quen, na liña política e estética de Banksy, inclúe referencias a iconas visuais, xa sexan populares, artísticas ou personaxes famosos. Pola súa parte, Eme realizou a parte de pintura mural cunha marea de figuras humanas, mentres que Rute Rosas contribuíu cos carteis e os *stencils* de *Aperta-me*.


Afro, eme, Nin9 e Rute Rosas

Ruas





Afro, eme, Nin9 e Rute Rosas
Ruas





Afro, eme, Nin9 e Rute Rosas

Ruas





Afro, eme, Nin9 e Rute Rosas

Ruas





Aperta-me forma parte dunha serie de traballos realizados por Rute Rosas en torno á importancia dos abrazos, os cales son presentados coma un alivio contra a tristura, a soidade ou a opresión. Dos mupis con *Abraça-me* escrito en varios idiomas, pasando pola videoinstalación *Pele de embrulho*, na que o cartel dos corpos abrazándose é usado para envolver un agasallo, coma se simbolicamente fose un acto de dar amor, até os carteis da intervención urbana *Abraça-me uma vez mais*, nos que prescindiu da imaxe para empregar tan só as palabras en diferentes linguas.

No Outonarte, para a súa dobre intervención –na rúa e nunha das salas de exposicións– adaptou ao galego a frase orixinal, mais nun

xogo lingüístico case imposible para a normativa, o que deu como resultado un “aperta-me” realizado en stencil para ser incorporado aos carteis. Inicialmente, estaba prevista unha acción onde a artista interviría nas rúas da cidade. Porén, debido a unha ordenanza municipal, a pegada de carteis non se puido levar a cabo, motivo polo cal deseñou un modelo de prohibido “apertar”. No seu lugar, tivo que se limitar a unha parede, previamente acondicionada para este uso, na que se fixaron ao lado de 12 maneras de evitar la crisis de les anartistes.

Polo tanto, doux remedios unidos casualmente, os afectos e a boa convivencia, para preservar e fomentar ese amor que axudará a soportar as tensións da vida cotiá.





A plataforma de investigación sonora Escoitar.org formulou unha instalación viva, con elementos variables e pensada tamén como espazo de debate, en torno ao uso do son como ferramenta para o control social e político. Estas ideas son reflectidas no vídeo-manifesto *Armas acústicas*, ou como arte sonora en *Sonic Weapons*, peza realizada con Pure Data a partir de fragmentos extraídos de entrevistas, documentais e música.

Do curso *Son e poder. Tecnoloxías sonoras de control social*, impartido por Chiu Longina, conserváronse os residuos ou as pegadas deste; fundas de traballo e orellas de goma sobre as mesas, nas que se podía consultar a documentación recollida da televisión, radio e prensa a raíz da polémica xerada polo *Mosquito*. Este

aparello emite un agudo pitido de ultrasóns que, debido á presbiacusia (perda progresiva para ouvir as altas frecuencias) únicamente é perceptible para os menores de trinta anos. Buscaban abrir un debate sobre este dispositivo anti-mozos, tan só legal no Reino Unido –onde se usa para dispersar concentracións de adolescentes–, instalándoo nos Xardíns de Méndez Núñez. Porén, debido ao impacto mediático e á presión política, que terxiversaron o sentido da acción, tivo que ser colocado na sala de exposicións xunto a un cartel elaborado de maneira colectiva durante o curso. Este concluíu cunha escultura escoitadora, unha performance para fomentar a escoita activa, logo de sacar ao exterior o seu *Macrófono*, un micrófono inchable que serve para gravar paisaxes sonoras.







Ruido contra el botellón

Otonarte ensayará un dispositivo sonoro para dispersar jóvenes.

A Coruña suspende el experimento antibotellón

10.01.2010 - A Coruña - 09/01/2010

La Voz de Galicia.es

Del cubo de agua al mosquito

Los métodos para disolver el botellón y sus efectos perniciosos han ido desde echar amoniaco por la ventana a dejar masivamente basura, pasando por lanzar huevos

Prueban en A Coruña un sistema para disolver las concentraciones humanas

Cultura niega que vaya a usar un sistema acústico para dispersar el botellón

La edila María Xosé Bravo aclaró que se trata de un experimento dentro de las actividades de Otonarte

El «mosquito» que sólo escuchan los jóvenes, ¿lo mejor contra el botellón?

CRISTINA GARRIDOLA CORUÑA. ¿Se atreverá alguna ciudad española afectada por el botellón a utilizar un «mosquito device» para dispersar a los jóvenes? La Coruña finalmente ha rechazado este experimento

Escoitar.org reflexiona sobre o control social a través do son

26.09.2009 O colectivo instalará un mecanismo, usado contra o 'botellón', que emite una frecuencia que só oen os mozos. O seminario celebrarase entre o 5 e o 10 de outubro.

laopinioncoruña.es

Los vecinos quieren ultrasonidos contra el 'botellón'

Los afectados por el problema del consumo de alcohol en la calle explican que el 'mosquito' para dispersar a los jóvenes es una buena alternativa

Público.es

A Coruña critica un sistema para disolver concentraciones juveniles con sonidos

El Ayuntamiento pretende denunciar el uso de armas de control social que se está extendiendo en otras ciudades europeas

Xornal.com

El colectivo Escoitar.org anula la salida por A Coruña con el 'arma anti botellón'

La acción, que se incluía dentro de la programación cultural de Outonarte, se suspende debido a la "presión social".



antena3noticias.com

DENUNCIAN SU USO

La Coruña se libra del "mosquito antibotellón"

Galicia-Hoxe.com

Algo más que decibelios

Escoitar.org abre o debate da fenda xeracional instalando na Coruña un mecanismo que emite un son que só oen os mozos para evitar os botellóns

**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO
CONCELLO PLENO DE DATA CINCO DE
OUTUBRO DE DOUS MIL NOVE**

Da fe do acto o infraescrito secretario xeral do Pleno, don Francisco Javier Mato Pet, e atópase ademáis presente o interventor general accidental don Carlos Fernández-Corugedo Colao.

**ÁREA DE MEDIOAMBIENTE
SOSTEBILIDADE E MOBILIDADE**

MEDIOAMBIENTE

94. Aprobación definitiva da Ordenanza de Subvencións.

Asunto: Aprobación definitiva da Ordenanza de Subvencións do Concello da Coruña para vivendas e locais situados en zonas acústicamente saturadas (ZAS).

Intervencións

Presidencia

Señor Lorenzo, ten a palabra.

Señor Lorenzo Torres

Canto tempo?


Presidencia
Cinco minutos.

Señor Lorenzo Torres

(...)

E como estamos falando de contaminación acústica eu quero fazer unha pequena reflexión respecto dunha noticia que atopei esta mañá de sorpresa publicada nun xornal desta Cidade. Fala, fai referencia a que se vai a utilizar un arma acústica contra os estudiantes ou contra os mozos que van ao botellón.

Imos ver eu quero fazer unha reflexión, quero fazer unha chamada de atención. Non se poden



utilizar este tipo de armas que segundo a nota de prensa, descoñezo a profundidade, porque isto almorceime con el ás nove da mañá, é un arma que criminaliza á mocidade e os efectos sobre a saúde descoñécense. Mire eu non sei quen é o encargado de, non sei, creo que isto é a área do Bloque. Señor Tello, vostede falaba de destrucción do "ensino", non fai falla, vai a vostede destruír aos estudiantes como siga así porque van vostedes a permitir utilizar armas ainda que sexan acústicas contra os vivos co fin de solucionar o botellón.

Mire, o botellón, non se soluciona así. O botellón teremos que sentarnos todos a falar todos do tema, a buscar soluciones conxuntas. Pero nunca, nunca, pódese permitir a utilización deste tipo de aparellos contra os mozos. Sobre todo porque pode dar lugar a responsabilidades. Responsabilidades civís, ata penais contra este Concello. Advírtolles chamo á súa cordura, chamo á súa responsabilidade, non permitan vostedes que o xoves utilícese isto contra os estudiantes o en botellón en Méndez Núñez. Apelo a vostedes, non teño más nada que dicir.

Presidencia

Moitas gracias, señor Lorenzo. Señora Vázquez.

Señora Vázquez Novo

Á referencia, ao que acaba de decir o señor Lorenzo de armas, non sei que, xa me contarás vostede de onde sacou esa información porque desde logo este Goberno Municipal non ten ningunha noticia, ningunha noticia nin comunicou nada nin xestionou nada nese senso.

Presidencia

Moitas gracias. Desexan intervir? Brevemente xa, dous minutos, señor

Señor Lorenzo Torres

Reiterou vostede o discurso que deu fai cinco

meses cando se presentou esta normativa. E eu tamén reiterei o meu. Estoullé dicindo que as axudas son totalmente insuficientes. Respecto deste arma acústica, eu a noticia, léoa no xornal esta mañá, eu non sei a realidade desta noticia. O único que digo é que se isto é certo, isto vai ser o xoves e de aquí ao xoves se somos un pouco responsables, se son vostedes responsables, como teñen que ser, van impedir que se utilice este tipo de arma no botellón. Aínda que sexa un experimento, aínda que sexa para crear un debate, non se pode utilizar este tipo de aparellos contra a mocidade. O botellón combátese doutro xeito. É o único que lle quero dicir. Se vostede non está decatada pregunte a cultura aos señores do Bloque porque creo que isto está incluído dentro de "Outono Arte", dunha semana que están facendo eles. Pero vostede decátese que é a responsable de Medioambiente, decátese de todo isto e por favor píolle responsabilidade, píolle senso común, píolle cordura porque isto non se pode utilizar contra a xente nova.

Presidencia

Moitas gracias. Imos someter a votación... Quere intervir? Se, señora Vázquez, brevemente.

Señora Vázquez Novo

Non, non se é que desde logo me fai moita grazia que ahora o Partido Popular dedíquese a facer política lendo os xornais. Repito, estallo inventando.



w34 live av session, tamén denominada *Entre lusco e fusco*, é unha performance audiovisual onde as imaxes e os sons son mesturados en tempo real mediante unha aplicación en Pure Data programada por Servando Barreiro. Esta foi presentada por primeira vez no *Live Performers Meeting* realizado en Roma no 2009.

A parte visual mostra fotografías e vídeos tomados en diferentes lugares de Galicia e Berlín, onde se intercalan imaxes rurais e urbanas que logran dialogar entre si a pesar da súa aparente oposición; árbores e *graffitis* complementándose mutuamente ou a natureza e a cidade interconectadas grazas ás texturas e a certos elementos comúns coma a auga do río.

Nestas mesmas localizacións realizou tamén diversas gravacións de campo –mediante uns micrófonos binaurais de fabricación propia–

para seren incorporadas, xunto coa parte de piano de cola interpretada por el mesmo, á banda sonora orixinal composta finalmente no ordenador.

Aínda habendo *patches* en modo pseudo-autónomo, durante a sesión de media hora de duración, o artista –situado ao fondo do auditório, coma se dun técnico se tratara– controla os parámetros do vídeo e do son, alterándoo mediante distintos efectos lumínicos e espaciais. Dependendo da luminosidade dos visuais o sensor da pantalla provoca cambios nunha das capas do audio, é dicir, a música sincronízase coa imaxe e viceversa, polo que o resultado final de cada performance é impredecible e irrepetible, tal e como sucedeu no Teatro Rosalía de Castro.

Servando Barreiro
w34 live AV session





Time machine é unha instalación audiovisual interactiva desenvolvida por Servando Barreiro en Pure Data, ou pd, unha linguaxe de programación en código abierto para a creación multimedia en tempo real.



Xoga co concepto de tempo ao mesturar imaxes do presente con outras que acaban de suceder hai uns segundos, un pasado recente que reaparece difuminado e ralentizado, mos-

trando estelas de elementos en movemento coma se de fantasmas se tratara. Combina momentos diferentes creando así outra realidade á que, ademais, se lle incorporaron efectos visuais aleatorios, así como un sensor que capta o movemento do espectador, o cal acaba por se converter tanto en actor protagonista coma en xerador, ou cando menos controlador, de imaxes.






En certa maneira, inspírase no uso dunha aplicación que leva o mesmo nome e que está presente en *Leopard*, o penúltimo sistema operativo de Mac. Esta serve para facer copias de seguridade automáticas, recordando así o estado concreto do ordenador nunha data determinada, coma nun regreso ao pasado. En parte, por iso a instalación –presentada na galería BHC Kollektiv de Berlín a finais do 2008 e a

principios do 2009 no Festival REC de Madrid– estivo instalada no escaparate dunha tenda de Apple, *Play*, onde a relación coa rúa propiciou a aparición de novos efectos e distorsións que dependían da hora do día, debido aos estímulos variables da luz natural e das interfeñencias lumínicas artificiais propias da cidade, coma os farois, os rótulos luminosos ou as luces dos coches.



Servando Barreiro
Time Machine





En *Tramas*, úñese a tradición artesanal coa contemporaneidade tecnolóxica, nun proceso creativo máis complexo do que aparenta ser. A priori puidera parecer que as imaxes foron retocadas dixitalmente, mais todo o contrario, son o resultado dunha intervención artística realizada no espazo público por Ricardo Lafuente e Luís Dourado.

Buscaban reapropiarse e reinventar certos signos estéticos que conforman as identidades rexionais, como neste caso o encaixe de Camariñas, que é utilizado coma un símbolo de Galicia. Ademais, querían formular a dificultosa relación entre a cultura do pasado, feita a man, coa do presente, dominada polas máquinas.


Para iso, idearon un sistema electrónico de luces LED, que funciona a partir dunha apli-

ción informática programada para xerar de forma efímera estos patróns decorativos. Estes tan só son visibles como estelas nas fotografías de longa exposición que foron tomadas pola noite, é dicir, o ollo humano é incapaz de captar este efecto lumínico no momento no que o aparato está en funcionamento, require da axuda da cámara para ser percibido.

Os artistas portuenses percorreron o centro da Coruña buscando os lugares más axeitados para xerar, de forma case máxica á vez que performativa, estas sutís tramas sobre as fachadas de edificios, fontes, prazas e aparcadoiros; cuxo resultado se materializou en vinilos fotográficos que foron colocados no escaparate da tenda *Casa Barros*.

Ricardo Lafuente e Luís Dourado

Tramas





Ricardo Lafuente e Luís Dourado

Tramas





Ao estar asociado a determinadas formas de ocio, o escaparate do que fora unha tenda de telefonía móvil en *El Puerto*, un centro comercial con multicines, resultaba idóneo para que Pablo Pérez Sanmartín reflexionase de forma aceda sobre certas manifestacións aparvadas da cultura xuvenil. A instalación estaba composta por varios elementos en torno ao zombismo, que toma ao morto vivinte como metáfora do atontamento dos adolescentes, convertidos polo mercado en consumidores dun ideal de falsa felicidade.

Para esta ocasión, deseñou o fanzine *Diary of the Dead*, cuxo texto alude á continua renovación das subculturas xuvenís, explicadas coma unha reacción estética de causa-efecto ás correntes maioritarias. Ademais, servía para

fabricar unha máscara de zombi, coa que pretendía invadir a cidade, xa que foi repartido por diferentes bares coruñeses. Dúas destas caretas flanqueaban un monitor no que se reproducía un vídeo que mestura material de cine e televisión dos setenta: fragmentos de series manga e animación infantil xaponesa con escenas dunha película de zombis. Ao fondo, nunha videoproxección, cunha banda sonora que parece sacada dunha película do Oeste, podíase ler «coas luces apagadas, é menos perigoso», escrito en inglés cunhas letras xeradas a partir de globos de cores. Por último, o confeti, que, xunto cos fanzines, invadía o chan, trataba de recrear a sensación de baleiro despois da festa e completaba o carácter lúdico da instalación, entendida coma unha natureza morta da xuventude.

Pablo Pérez Sanmartín
S/T (la juventud baila)





00' 19"



00' 41"



00' 43"



00' 57"



01' 00"



01' 32"



01' 33"



01' 46"



02' 25"




02' 32"



02' 52"



03' 06"



03' 39"



03' 53"



04' 15"

Pablo Pérez Sanmartín

S/T (la juventud baila)



04' 26"



04' 49"



05' 25"




06' 08"



06' 30"



07' 04"



08' 15"



08' 19"



08' 52"



09' 18"



09' 49"



09' 53"



10' 13"



10' 15"



10' 27"



Pablo Pérez Sanmartín
Diary of the Death







Cantareiras: Olga Kirk | Lucía Vázquez Quintián | Helga Vázquez Regueira | Graciela Carral | Rocío Carral | Iria Penabad | Natalia Pérez | Adriana Fernández | Marta Álvarez | Cecilia García | Patricia González | Raquel Vázquez Mejuto | Tamara Campos | Beatriz Mariño | Antía Fuentes | Leticia Rey | Ana Mirás | Bianca Prieto

As cantareiras de antano utilizaban o canto para se comunicaren entre si de campo a campo ou de monte a monte, mentres traballaban en labores agrícolas ou gandeiros. De aí que nalgúnhas cancións falen, ás veces de forma velada para non seren descubertas polos homes, sobre a camaradaría entre mulleres. Entre elas, protexíanse, axudábanse e aconsellábanse en asuntos persoais e domésticos, como por exemplo, as infidelidades. Naquel momento, esta actitude, xunto co feito de que eran creadoras de música en lugar de tan só executoras, supoña un acto de rebeldía.

En *Interferencias*, Mónica Cabo quería trasladar esta forma de comunicación rural a un contorno urbano, no que os ruídos dos coches e o balbordo das persoas alteran ou dificultan

o proceso de recepción da mensaxe. Para iso, contou co grupo de cantareiras coruñesas Con Canto Donaire, cuxas voces tiveron que rivalizar coas gaivotas e co son dos barcos alí atracados.

Divididas en catro grupos, de aproximadamente unhas catro integrantes e situadas a diferentes niveis, entre as terrazas inferiores e superiores do Palexo e do Centro de Ocio *El Puerto*, fóreronse respondendo por quendas até remataren cantando ao unísono. Para esta performance, seleccionaron coplas tradicionais que se puidesen trasladar aos novos tempos, algunas das cales foron adaptadas por Olga Kirk, directora da formación, quen tamén escribiu as estrofas que enmarcan ditas historias na propia cidade.

Mónica Cabo + Con Canto Donaire
Interferencias

www.vimeo.com/7732945



1. Axudádeme a cantar-e
rapaciñas da Coruña
axudádeme a cantar-e
que os que miran non axudan
(Olga Kirk)

2. Inda che hei de botar unha
inda che hei de botar outra
inda che hei de botar unha
que che hei de queima-la roupa
(Tradicional)

3. Esta miña compañeira
que teño ó lado dereito
nin enriba nin embaixo
non hai outra ó meu xeito
(Tradicional)

4. Hei de cantar todo o día
a mais mañán toda a noite
que non penso pasar penas
por culpa de ningún home
(Tradicional adaptada por Olga Kirk)

5. Se canto chámánme tola
e se río adevertida
xa que estamos no mundo
non sei de qué modo viva
(Tradicional)

6. Moreniña resalada
arriba que vai a miña
para cantar e mandar
as mulleres d'hoxe en día
(Tradicional adaptada por Olga Kirk)

7. Cantade todas a ieito
cantade todas a ieito
onde levamo-la sona
levaremo-lo proveito
(Tradicional)

8. A muller que ama a dous
homes
non é tonta que é entendida
cando unha vela se apaga
a outra queda encendida
(Tradicional)

Ai ai sae lúa sae lúa
Ai ai sae dentre os anubrados
Ai ai que estas mozas da Coruña
Ai ai pasan por aquí cantando
(Tradicional adaptada por Olga Kirk)



Agricultural Network é unha horta urbana deseñada por Tania Sanjurjo, que foi pensada específicamente para a área axardinada onde finalmente se situou, tras a imposibilidade de reutilizar unha finca en desuso. Esta modalidade adoita ser habitual noutras cidades, xa sexa baixo iniciativas autoxestionadas ou institucionais, coma en Londres, onde o Concello promove axudas para que os soares abandonados poídan ser reconvertidos en terreos cultivables.

Á parte de servir para producir alimentos, así como para axudar a mellorar a calidade do ar diminuíndo a contaminación, as hortas urbanas teñen un obxectivo de carácter social, educativo, lúdico e participativo. En Alemaña e Austria, son empregadas para favorecer a inte-

gración e o intercambio cultural, mentres que en Madrid e Barcelona destacan os cultivos ecológicos de carácter comunal.

O proxecto xorde do interese por conectar o medio rural co contorno urbano, xa que, a través destes espazos, pódese coñecer de cerca a realidade agrícola, moi afastada para os habitantes das cidades. Dado que neste caso se utilizou unha zona do parque infantil da Mariña, os nenos e nenas pódense familiarizar co crecimiento das hortalizas e das verduras escollidas pola artista: leitugas variadas, pementos vermellos e amarelos, allo-porros e repolos; as especies autóctonas máis apropiadas para o outono, época na que foron plantadas.





Anuncio é unha tripla intervención proposta por Enrique Lista para chamar a atención sobre a precariedade laboral dos artistas novos, co fin de denunciar deste xeito a incapacidade do sector cultural para os asimilar profesionalmente.

As accións foron realizadas en forma de sencillos anuncios por palabras que, ao imitar este formato, inclúían un número de teléfono e un enderezo de correo electrónico para propiciar un posible diálogo coas persoas interesadas. Os servizos artísticos, que eran presentados en clave crítica e irónica, podían ser clases de arte conceptual, venda de ideas ou un posto de aseor artístico para institucións que xerou unha gran polémica.

Estes ofrecementos de traballo ficticios foron pegados en farois, semáforos e paredes –xunto

aos habituais de idiomas, fontanaría ou aluguer de pisos– en distintas zonas da cidade, e tamén foron publicados na sección de ofertas de emprego dos catro diarios locais (*La Voz de Galicia*, *La Opinión*, *El Ideal Gallego* e o *Xornal de Galicia*). Por outro lado, para os autobuses urbanos das liñas que circulan polo centro da cidade (1, 3, 5, 7, 11 e 23) contratouse o rótulo interior reservado para a publicidade, cun texto que, na mesma tipografía da empresa de transporte, incidía sobre a propia natureza do cartel como obra de arte.

Por tanto, o seu traballo supón unha reflexión sobre as prácticas artísticas actuais, cada vez más distantes do mercado da arte e máis alleas aos espazos habituais de exhibición.





Sala Municipal
de Exposiciones

Exposición



Protege a tu cabra: ñana

Práctica Arte Conceptual

conceptualpractica@yahoo.es / 651 607 316





VENDO
ARTE
CONCEPTUAL
para toda a familia

enrique.lista@yahoo.es / tel. 651 607 316



Xoga



coa química
da túa cultura

Fai Arte Conceptual

enrique.lista@yahoo.es / tel. 651 607 316



Fanse traballos de
ARTE CONCEPTUAL
a domicilio

enrique.lista@yahoo.es / tel. 651 607 316



Vendo ideas

enrique.lista@yahoo.es / tel. 651 607 316



**Entrevista de Enrique Lista a Jorge Couceiro,
unha das persoas que respondeu aos anuncios,
realizada o 16 de decembro de 2009**

Como liches o anuncio na prensa? Adoitas buscar ofertas de traballo? Foi por casualidade? Avisouche alguén?

Avisoume un amigo, contoume que o Concello estaba á procura dunha persoa licenciada en Belas Artes, que o poñía no xornal.

Que pensaches ao ler o anuncio? Pareceuche unha oferta seria? Tiñas sospeitas?

Sospeitei cando tiven o xornal na man e puiden ver que o anuncio non tiña o formato habitual dos anuncios do Concello.

Que fixeches? Chegaches a chamar ao Concello?

Como non había ningún teléfono nin endereço web de contacto, achegueime para preguntar a unha das oficinas do Concello, a do Fórum Metropolitano.

Cal foi a túa consulta? Que che responderon?

Preguntei polo anuncio; a persoa que me atendeu non foi quen de responder, consultou con todo o funcionariado e, curiosamente, ninguén vira nin ouvira nada sobre a contratación dunha persoa licenciada en Belas Artes. Atendéronme con amabilidade; ao non obter resposta, tiveron que chamar o responsable de Contratación, do Departamento de Persoal, que tampouco sabía nada. Chamáronme ao final da mañá para dicirme que non tiña nin idea de onde podería ter saído o anuncio, pero que seguro que non procedía do Concello.

Sabendo que era unha proposta artística para reclamar un espazo de utilidade necesaria dos licenciados en Belas Artes, que opinas deste anuncio/reclamación política? Paréceche nece-

sario? Paréceche unha broma de mal gusto? Paréceche unha boa idea pero non vai ter consecuencias reais?

Non debería haber diferenza entre o artístico e o resto. Estamos a falar do diñeiro de todos, o Concello non lle preguntaría a unha persoa afeccionada ante un problema legal, contrataría un avogado ou un aparellador. Cando se trata de arte, calquera concelleiro ou concelleira sen estudos específicos se permite opinar sobre o que é más conveniente. Non imaxino ao Concello edificando sen contratar un arquitecto, non quero imaxinar ao alcalde debuxando uns planos para un centro cívico. Con todo, lémbrome do alcalde Vázquez encargándolle persoalmente cadros para o Concello a artistas que lle gustaban a el, sen máis. É preciso que as obras de arte que compre o Concello co diñeiro público saian a concurso coma calquera outra obra pública.

É necesario que os concelleiros responsables de cada departamento posúan a formación adecuada para o seu cargo e que as decisións estean apoiadas polo criterio de profesionais acreditados.

No Concello da Coruña, o profesional máis preparado, co currículo máis apropiado para atender os asuntos relativos ás artes ocupa a Concellaría de Asuntos Sociais. Sería moi interesante saber que opinión teñen os responsables políticos sobre a función que ten a escultura pública. Imaxino o concelleiro de Festas que contratou este verán ao grupo El Consorcio para o Festival Noroeste Pop-Rock repetindo as súas célebres palabras: "...home, eu creo que isto contenta a todo o mundo". A cultura é algo fundamental para a construción social, non se pode deixar en mans de persoas afeccionadas.

64 HALLAZGOS

A CORUÑA

Búscase artista de traxectoria consolidada para dar prestixio a concurso de Artes Plásticas. Mínimo 5 follas de currículum.

Este anuncio é unha peza de arte conceptual sufragada polo Concello da Coruña segundo prezo e procedemento de mercado.

Clases de arte conceptual a domicilio impartidas por Licenciado en Belas Artes. 651 607 316
enrique.lista@yahoo.es

49.51 (G). en Plaza Millán Asúa (España). Totalmente 90 m². Informan

C/ San Diego, dos, cocina amueblada. 120.000€. Inf. 651 (G). SE Particular vende viviendas, 2 baños, garaje y oficinas. Telf. 981.25.46.51 (G).

C/ Juan Flórez, baños, cocina, salón. Informan

CHALETS

QUILA
nización Monif en la
La Coruña. Taciones,
mplo jardín.

66.848

de piedra en finca fina, piscina, etc.
3. set en Camocedo-
de finca cerrada y
anda en 2 plantas
pida. Calefacción.
Precio 300.000€.

981 255.073 ó 6 666.276.044.

ALQUILÓ nave en Polígono de Caramujo - Vigo. 2500 m². Tel.: 628.273.647.

SE alquila local comercial en zona Corte Inglés. 155 m². Informan 981.25.46.51 (G).

VENTA local comercial C/ Travessía Buenavista (zona Los Castros). 142m². distancio. 981.25.46.51 (G).

VENDO local Travessía de Buenavista (zona Los Castros). 150 m². diátramo. estado de obra. Telf. 981.25.46.51 (G).

SE TRASPASA cafetería, zona Juan Flórez, 115 m². Informan 981.25.46.51 (G).

SE ALQUILA local dedicado a carnicería y ultramarinos en la zona de Monelos. Telf. 654.535.442.

SE VENDE local comercial C/ Doctor Femení (zona Mts. Alto). 64 m². Informan 981.25.46.51 (G).

SE ALQUILA local comercial en la C/ General Sanjurjo, planta baja y entresuelo. Telf. 981.25.46.51 (G).

SE ALQUILA nave, local y terrenos en Almeiras. Informan 981.25.46.51 (G).

SE ALQUILAN dos locales comerciales en la Avenida del Pasaje, de 94 m² y 107 m², en estado de obra. Telf. 981.25.46.51 (G).

SE ALQUILA nave industrial en Polígono Sabón. Amplia con terreno limítrofe libre. Totalmente equipada. Informan 981.25.46.51 (G).

SE ALQUILA LOCAL en C/ María Pineda (esquina Fco. Catorna) 55 m² útiles, hace esquina, acondicionado como panadería. 6000€/mes. Informan 981.25.46.51 (G).

SE ALQUILA nave, local y terrenos en Almeiras. Informan 981.25.46.51 (G).

mideras, Edif. Mar. 50 euros. Telf. 606.827.087.

DEMANDAS

O Concello da Coruña
PRECISA
URXENTEMENTE
LICENCIADO EN BELAS
ARTES para asesoramiento
en adquisición de escultura
pública.

SE BUSCA comercial para empresa de comunicación. Fijo + comisión. Interesados enviar C.V., con foto, al apartado de correos 2254 de A Coruña.

SE BUSCA comercial con experiencia para Distributions Lom. Telf. 639.687.293.

OPOSICIONES

LEGISPOL

Inaugura sede en La Coruña

PREPARACIÓN DE TODAS LAS
ESCALAS DE POLICÍA NACIONAL

DE ATRAQUE 14x5 m.

Telf. 696 443 543

COMPRA-VENTA DE ORO,
PLATA, RELOJES, MONEDAS,
BRILLANTES Y ANTIGÜEDADES

ARIAS

Entrada por Marina, 20, 1º A
Telf. 981 21 35 16

VENDO cuatro llantas aluminio. Medidas: 205, 60, 15. Económicas. Telf. 656 317 188.

PINTOR fachadas, galerías, interiores, trabajos garantizados. Presupuesto sin compromiso. Telf. 981.253.593.

SE VENDE nicho en el cementerio de San Amaro (La Coruña). Buena situación. Telf. 981.620.754.

PERROS y gatos en adopción La Rosaleda. 981.672.059-629.273.978.

RELAX

YESICA 663.749.655

Disfruta al
máximo

803 443

Pista billete Red Fijo 1.38
1.31 escritorio. 1.16 móvil
413 81. Aplic. de correo T

CHICA busca aventura
cuentos espontáneos
al 7330.

NECESITAMOS
sexo con señoritas ad-
gando ellas. 902.501

CHICA del pueblo. Es-
Busco sexo gratis. 61

FUTUROL

Tarot de
Ana

PRAIA





PORTO

- A** PALEXCO
Avda. da Asociación da Prensa, s/n
- B** CASA DA CULTURA SALVADOR DE MADARIAGA
Durán Loriga, 10
- C** CGAI. CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
Durán Loriga, 10
- D** SALA DE EXPOSICIÓN DO PAZO MUNICIPAL
Praza de María Pita, 1
- E** TEATRO ROSALÍA DE CASTRO
Riego de Agua, 37
- F** ESCAPARATES DA CORUÑA
- G** Barros. Rúa Franxa esquina con rúa Bailén
- H** Play. Rúa Federico Tapia, 43
- I** El Puerto Centro de Ocio. Avda. do Alférez Provisional, 3
- J** Vaiben. Rúa Orzán, 111
- K** Saída de rúa Mantelería esquina con rúa San Andrés
- L** Explanada de PALEXCO
- M** Percorrido desde María Pita até Durán Loriga, 10
- N** Rúa Real
- O** Xardíns da Marina
- P** Bares, pubs, etc.
- Q** Buses (liñas 1, 3, 5, 7, 11 e 23), rúas e xornais



A didáctica da exposición deseñouse seguindo a idea de transformar ao público usuario en produtor. *Unha Vixaxe Dixital* (para Infantil e Primaria) propuña un xeito distinto de ver unha exposición, xerando un contexto para desenvolver dinámicas de aprendizaxe interactivas e colectivas. Palexo transformouse nun campo de adestramento de viaxeiros no que aproveitamos o carácter interactivo de varias pezas para os obxectivos da proposta. Ludidáctica deseñou con programación en Pure Data un espazo dinámico e cambiante no que unha cámara rexistraba as imaxes dos participantes e un micrófono permitíalles modificar o mundo virtual no que estaban inmersos. Os obxetivos didácticos transformáronse no

proceso persoal de descubrimento que cada participante realizaba no seu propio diálogo coa instalación. En *Lenzos Urbanos* (para Secundaria e Bacharelato) iniciámonos no coñecemento e análise de diversas manifestacións artísticas que teñen a cidade (a rúa) como soporte e tema das súas reflexións. No obradoiro ensinamos diferentes técnicas de *stencil* (estarcido) que lles permitirían reproducir un deseño ou unha imaxe dixitalizada sobre calquera tipo de superficie. O baixo custo, reproducibilidade e portabilidade da técnica facían especialmente interesante para estudiantes. O tema de reflexión era a cidade da Coruña, sobre a que se deseñaron virtualmente diferentes estratexias de intervención.





Visitas guiadas e obradoiros

Tonecho Otero (Ludidáctica)





Otonarte 2009

Textos en castellano | English texts

ÍNDICE | INDEX

- 149 **Amador Iravedra**
Rescate
Rescue
- 150 **les anartistes**
12 maneras de evitar la crisis
12 ways of avoiding the crisis
- 151 **Gemma Pardo**
Finisterre
- 152 **Familia de idiotas no tiene TDT**
[Family of idiots without DTT]
Deconstrucine
- 153 **David Ferrando Giraut**
Untitled + Ruin Builder
- 154 **Félix Fernández**
Instalación para cama individual
Exhibition for a single bed
- 155 **Jesús Madriñán**
La audiencia
The audience
- 156 **El Ama de Casa Pervertida**
[The perverted housewife]
Las buenas formas
Good manners
- 157 **Marta Alvim**
ECOS
ECHOES
- 158 **Carla Cruz**
Blood 4 Oil
Homoludens/homofóbico
Homoludens/homophobic
- 160 **Jugo & Pellejo**
Intervención # 1.2
Performance #1.2
- 161 **Mónica Lavandera**
Sport
Sin título
Untitled
- 163 **Marcos Juncal**
Discofumeiro
- 164 **DSK (Belén Montero & Juan Lesta)**
Cine ASCIIart
Cinema_ASCIIart
Copia_seguridade_obra doiro_infantil
+ Báscula de bits
Back-up_Copy_Children's_Workshop
+ Bit Scale
- 166 **Chiu Longina**
Perfect-Byte
- 167 **Victor E. Pérez e Daniel López Abel**
Acción de baixa intensidade I
Low intensity action I
- 168 **Filipa Guimarães**
Xardín
Garden
A castañeira
The Chestnut Vendor
- 170 **Afro, eme, Nin9 e Rute Rosas**
Ruas
Streets
- 171 **Rute Rosas**
Aperta-me
Embrace me
- 172 **Escoitar.org**
Sonic weapons
- 173 **Servando Barreiro**
w34 live AV session
Time Machine
- 175 **Ricardo Lafuente e Luís Dourado**
Tramas
Trails
- 176 **Pablo Pérez Sanmartín**
S/T [la juventud baila]
S/T [Young people dance]
- 177 **Mónica Cabo + Con Canto Donaire**
Interferencias
Interference
- 178 **Tania Sanjurjo**
Agricultural Network
- 179 **Enrique Lista**
Anuncio
Advertisement
- 180 **Visitas guiadas y talleres**
Guided tours and workshops

Outonarte nació en 2008 para ser un espacio de encuentro y creatividad, como una fiesta alrededor de la creación más contemporánea, más arriesgada, más joven y más fresca.

En la Concellaría de Cultura queríamos ofrecer un escaparate a la creatividad, nos parecía que necesariamente debíamos apostar por propuestas espléndidas, para dar visibilidad a los creadores, y hacerlo con una propuesta compleja, que mezclara estilos y tendencias para mostrar el momento de la creación en Galicia.

